

# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



**CURSO 2022 - 23**

**ANPA DO CEIP PLURILINGÜE DO CORGO**

SÉGUENOS E COÑÉCENOS EN: [www.anceipocorgo.blogspot.com](http://www.anceipocorgo.blogspot.com)

FACEBOOK: [www.facebook.com/anpa.ceipocorgo](http://www.facebook.com/anpa.ceipocorgo)

CONTACTA CON NOS EN: [anceipocorgo@gmail.com](mailto:anceipocorgo@gmail.com)



## NORMAS PARA AS ACTIVIDADES DA ANPA DO CEIP DO CORGO

A realización de cada unha das actividades estará condicionada á existencia dun número mínimo de nenos inscritos.

O prezo das actividades varía segundo se sexa socio ou non da ANPA. A cota de socio é de **20 €** por curso escolar e o ingreso da mesma débese facer na conta de A Banca

**ES44 2080 0156 4730 4000 7879**

Para beneficiarse do prezo de socio nas actividades, cómpre ter ingresado a cota **antes do 31 de outubro de 2022**. O ingreso da cota de socio implica tamén que se ten o seguro de accidentes gratuíto para tódalas actividades organizadas pola ANPA (actividades extraescolares, excursións e outras). Os non socios, previamente á asistencia a calquera actividade deberán ingresar o importe da súa póliza persoal que ascende a **15 € anuais por alumno**. Non se admitirá ningún nen@ que non teña pagado o importe do seguro.

As actividades comezarán o día 3 de outubro e finalizarán a finais de maio salvo excepcións e dependendo da asistencia as mesmas.

O pago das actividades non se fará en man, senón a través de **transferencia bancaria** á conta da ANPA e **cobrarase trimestralmente**. O pago das actividades haberá de realizarse durante o primeiro mes do trimestre (outubro, xaneiro, abril). Ao comezo de cada actividade darase información detallada sobre como realizar o pago. A falta de pago no primeiro mes do trimestre, dará lugar á expulsión da actividade.

**Durante as dúas primeiras semanas as actividades serán de totalmente gratuítas, entendéndose coma un período de proba ata o 16 de outubro.**

Ningún membro da ANPA acudirá á entrada e saída das actividades, polo que os pais serán os responsables da recollida dos nenos. Naquelas actividades que se realicen ás 16:00 horas no pavillón ou no campo de fútbol, o monitor recollerá aos nenos na porta do colexio e levaraos á actividade. Nas que se leven a cabo noutros lugares, os pais entregarán e recollerán os nenos. A falta reiterada de puntualidade na recollida penalizarase coa expulsión da actividade.

Para calquera dúbida sobre as actividades podeades contactar con nos a través do mail: [anpaceipocorgo@gmail.com](mailto:anpaceipocorgo@gmail.com); [dariferreiro@gmail.com](mailto:dariferreiro@gmail.com); ou no teléfono 678432818.

Esperamos que as actividades sexan do voso agrado.

**¡Esperamos contar con todos vos!**

**DATA LÍMITE INSCRICIÓN: LUNS 3 DE OUTUBRO**

# ACTIVIDADES PROPOSTAS

ACTIVIDADE	DÍA	HORA	LUGAR	PREZO
XADREZ (Tódalas idades)	LUNS	14:00 A 15:00	CEIP DO CORGO RECREO DESPOIS DE COMER	SOCIOS 15€/MES NON SOCIOS 20€/MES
CREATIVIDADE PLASTICA (Tódalas idades)	XOVES	14:00 A 15:00	CEIP DO CORGO RECREO DESPOIS DE COMER	SOCIOS 15€/MES NON SOCIOS 20€/MES
JUDO (Tódalas idades)	MARTES	14:00 A 15:00	CEIP DO CORGO RECREO DESPOIS DE COMER	SOCIOS 20€/MES NON SOCIOS 25€/MES
PATINAXE (Tódalas idades)	MERCORES	16:00 A 17:00	PAVILLÓN DO CEIP DO CORGO O REMATE DAS CLASES	INFORMACION NO CLUB CPA O CORGO DE MAXIA
NATACIÓN (Tódalas idades)	LUNS	16:30 A 17:30	CENTRO DEPORTIVO BEONE FITNESS & SPORT LUGO	SOCIOS 15€/MES NON SOCIOS 20€/MES
PREDEPORTE (Tódalas idades)	MERCORES	14:00 A 15:00	CEIP DO CORGO RECREO DESPOIS DE COMER	SOCIOS 20€/MES NON SOCIOS 25€/MES
BALONCESTO (A partir de 6 anos))	XOVES	14:00 A 15:00	PAVILLÓN DO CEIP DO CORGO RECREO DESPOIS DE COMER	SOCIOS 20€/MES NON SOCIOS 25€/MES
FÚTBOL (Tódalas idades)	MARTES E VENRES	16:15 A 17:30	CAMPO DE FÚTBOL DO C.D. CORGO	INFORMACION NO C.D.CORGO
MUSICA E BAILE TRADICIONAL (Tódalas idades)	VENRES E SABADOS	SEGÚN IDADES	CENTRO SOCICULTURAL O CORGO	INFORMACION EN LEGUA DEREITA (FACEBOOK)

DETÁLLANSE OS CONTIDOS DE CADA ACTIVIDADE EN FOLLA APARTE.

## DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2022/2023



**PREDEPORTE:** As vantaxes más saíntes do predeporte que destacan son a mellora da motricidade corporal (lanzamentos, paradas, recepcións, coordinacións e construcións), control corporal, aprender a utilizar tódalas partes do corpo, relación co medio que os rodea, desenvolvemento da capacidade cognitiva, fomento e desenvolvemento da socialización, promoción de valores sociais que son inherentes ó deporte, como son o compañeirismo, sentimento de equipo e tolerancia a derrota.



**PATINAXE:** Nas clases deste coñecido deporte impartirase tanto patinaxe artístico como patinaxe deportivo. Adaptado a tódalas idades e sen necesidade de coñecementos previos. Os monitores adaptaranse aos distintos niveis dos alumnos. O pago da actividade farase directamente ao Club, para apuntarse falar co Club directamente.

Imparte: Club Patinaxe O Corgo de Maxia



**FÚTBOL:** Un ano máis a ANPA colabora co C.D. Corgo neste popular deporte. Esta actividade é organizada e xestionada directamente polo C.D. Corgo. A ANPA unicamente colabora anotando os alumnos que o desexen. O pago da actividade farase directamente ao Clube. Pódense anotar nenos e nenas de tódalas idades.



**XADREZ:** Disciplina para tódalas idades que xa se imparte dende fai varios anos. O aprendizaxe do xadrez favorece o exercicio e desenvolvemento das aptitudes mentais: concentración da atención, memoria, abstracción, razoamento e coordinación. Sen necesidade de coñecementos previos e para tódalas idades.

Imparte: Xaquedrum-Escola Galega de Xadrez.



**NATACIÓN:** Mellora a coordinación, o equilibrio y el coñecemento do espazo. Axuda a mellorar a condición cardiovascular e a resistencia do teu fillo, permitindo un desenvolvemento anticipado das habilidades psicomotrices. Relaxan o neno e estimulan o seu apetito, axudan a mellorar a calidade do sono, amplía a capacidade do seu sistema respiratorio, estimula a confianza en se mesmo e por lo tanto mellora a comunicación cos demais axuda a reforzar a súa autoestima. Saber nadar es un aspecto básico de seguridade y de coñecemento del medio acuático. Impárteo Centro Deportivo : BEONE FITNESS & SPORT LUGO



JUDO: O neno que practica o Judo desenrola a súa forza, velocidade, flexibilidade, coordinación, reflexos, concentración, equilibrio, resistencia, personalidade, confianza e coñecemento do seu propio corpo. Non fomenta a agresividade e mellora a relación cos seus compañeiros e mellora o seu autocontrol. A Unesco declarouno como o mellor deporte inicial formativo para nenos e xóvenes de 4-21 anos.

Imparte actividade: Lucus Dojo



CREATIVIDADE PLÁSTICA: QUÉ FACEMOS? Manipular pensar, analizar, experimentar e xogar con diferentes materiais e técnicas para elaborar as nosas creacións. ¿QUE CONTIDOS TRABALLAMOS? composicións e formas, as cores, o volume, procesos e elaboración de proxectos. ¿QUÉ APORTA? Desenrolo de actividades e destrezas, amplitude de apreciación visual e tamén traballa a concentración e po análise.



BALONCESTO: Un deporte moi completo que fortalece os músculos e fomenta o traballo en equipo e o desenrolo da autoestima. O baloncesto permitiralles canalizar e controlar toda esa vitalidade de un modo positivo. Desenrola o equilibrio e a coordinación, exercitar a axilidade e os reflexos e mellora a resistencia física. Co baloncesto libéranse endorfinas, as chamadas “hormonas da felicidade”.

Imparte: Club Ensino



MUSICA E BAILE TRADICIONAL: Trátase dunha actividade de iniciación na música e baile tradicional para todas as idades,. A ANPA unicamente colabora anotando os alumnos que o desexen. O pago da actividade farase directamente na asociación. Pódense anotar nenos e nenas de tódalas idades.

Imparte: Asociación Cultural A Legua Dereita

Don/dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e  
endereço en \_\_\_\_\_ nº de teléfono móbil \_\_\_\_\_  
pai/nai/titor do alumno/a \_\_\_\_\_ de  
\_\_\_\_\_ curso de infantil ou primaria do CEIP do Corgo, autorizo baixo a  
miña responsabilidade ó meu fillo/a para realizar as seguintes actividades:

- Creatividade plástica
- Judo
- Natación
- Xadrez
- Baloncesto
- Predeporte
- Musica e baile tradicional (colaboración Legua Dereita)
- Fútbol (Club Deportivo Corgo)

Así mesmo, expreso a miña (márquese o que desexen)

AUTORIZACIÓN       NON AUTORIZACIÓN

para que o meu fillo apareza nas diversas fotografías ou outros documentos gráficos que a ANPA realice e divulgue durante as diversas actividades que organice (extraescolares, excursións, festas, etc.). (Esta autorización será válida para todo o curso escolar agás que o pai/nai/titor manifieste por escrito o contrario).

Co obxectivo de informar sobre as diferentes actividades da ANPA, creárase un grupo de WhatsApp con aqueles pais/nais que o desexen, teñan a aplicación e nos faciliten o seu teléfono móbil. Marcade a opción que desexedes:

- Desexo formar parte do grupo de whatsapp.
- Non desexo formar parte do grupo de whatsapp.

O Corgo, \_\_\_ de setembro de 2022

Asinado o pai/nai/titor do alumno